



IMOS DE CEA;

Estimados amigos, chegou o día de pecha-la tempada 2.007-2.008 e como soe ser habitual facémolo cunha cea. Ésta terá lugar o vindeiro sábado 14 de xuño no Mesón Serra de Ribadeo, sito na rua Deputación. O menú consistirá en entrantes fríos e quentes e logo churrasco, con chorizos, ensalada e patacas, postre, café e chupiños. A cea terá lugar ás 22.00 horas, pero xuntarémonos antes para tomar un viño, ás 21.00 h., no Popeye os que veñan da zona de San Miguel e no Ancla os que están perto de Ribadeo. A data límite para apuntarse remata o mércores día 11, xa que temos que encargar un número aproximado de comensais. Chamade a Jose 649 57 13 60. Nesta cea faremos o sorteo dunha camiseta que nos regalaron coa propaganda que mandamos na carta anterior da Visa Barça. No sorteo participaran todo-los socios, asistentes e non asistentes á cea.

Só nos queda animar a todos a participar, xa que este ano non foi todo o bo que quixéramos, debemos estar máis unidos, para ser máis fortes e seguir facendo barcelonismo.

Por outro lado, informamos (os socios que tenen correo electrónico xa o saben) que a peña acaba de colgar en Internet unha páxina web, onde se fala da historia da peña, hai fotos das viaxes, ceas, churrascadas, vídeos, unha tenda, un foro, pero tamén hai referencias á zona onde vivimos. A dirección é <http://www.penhabarcelonistasanmiguel.jimdo.com> Se tedes ocasión de vela non o dubidedes, seguro que vos gusta.

Bueno, só queda despedirnos, animando a todos a participar na despedida desta tempada e na benvida da tempada 2.008-2.009.

Un saúdo e VISCA O BARÇA.